



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

ACTA DE RESOLUCIÓN DE ALEGACIÓNS AO PROCESO PARA A SELECCIÓN DE DOCE PEÓNS, CATRO PEÓNS CONDUTOR E CATRO XEFES DE BRIGADA PARA CATRO BRIGADAS DO SERVIZO “BRIGADAS DE PREVENCIÓN E DEFENSA CONTRA INCENDIOS FORESTAIS” DA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DA COMARCA DE VERÍN.

12 de maio de 2025

Reunido telemáticamente o tribunal na data que consta no encabezamento; e de conformidade có que se establece nas bases que rexen o proceso selectivo para a provisión das prazas sinaladas, procedeuse como se recolle nesta acta.

De acordo coa certificación da Secretaría do Tribunal, durante o **prazo** de dous días hábiles para revisión e **presentación de reclamacións**; prazo que **rematou ás 24:00 horas do venres 9 de maio de 2025**; tiveron entrada no rexistro xeral da Mancomunidad as seguintes:

1. Escrito núm. 2025-E-RE-45, de Iris Leticia Oltra Cascant.
2. Escrito núm. 2025-E-RE-46, de Cristian Vaamonde Carballo.
3. Escrito núm. 2025-E-RC-155, de Diego Dosantos Dos Prazeres.

O Tribunal procede a analizar detidamente as mesmas, do seguinte xeito.

1. Alegacións de Iris Leticia Oltra Cascant.

1.1 Primeira alegación:

Alega esta aspirante para o posto de **PEÓN** *“disconformidad con la valoración de méritos de formación”*, xa que afirma *“No se ha tenido en cuenta la titulación aportada de formación profesional del sistema educativo de Técnico Superior en Gestión Forestal y del Medio Natural (...) esta formación es complementaria, ya que no figura como requisito para el puesto de Peón en las bases de la convocatoria”*

Consonte coa base CUARTA.2, a formación puntuable aos aspirantes ao proceso selectivo é formación non regrada de accións formativas en cursos organizados por administracións públicas ou homologados (ben de ata 40 horas; ben de máis de 41 horas). En ningún caso teñen a consideración de formación non regrada puntuable as titulacións de estudos de formación profesional ou universitaria achegados polos aspirantes a postos (como o de peón) para os que non se esixe dita titulación; e o mesmo sucede para os postos de xefe de brigada: base TERCEIRA g) para os que os aspirantes deberán estar en posesión dalgunha das titulacións recollidas nesa base; pero que no hipotético caso de posuír dúas ou máis delas; nin a segunda nin posteriores teñen consideración de formación non regrada nin se valoran como tales, polo simple feito de que non o son.

Consecuentemente, **esta primeira alegación** carece de fundamento polas razóns expostas, polo que **deberá ser desestimada plenamente.**



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

1.2 Segunda alegación:

Alega a aspirante “**disconformidad con la valoración de la prueba práctica para el puesto de peón**”, xa que afirma “*habiéndome presentado a dos puestos de trabajo, el de Peón y el de jefe de Brigada, sólo se me realizó una única prueba práctica, para el puesto de jefe de Brigada (...) Se me aplicó la misma puntuación para ambos puestos*” Concluindo a alegante que iso a colocou nunha situación de desventaxa fronte aos aspirantes que non se presentaron ao posto de xefe de brigada, xa que (conclúe) que realizaron unha proba de menor dificultade, podendo obter unha maior puntuación.

A alegante descoñece que **todos e cada un dos aspirantes** avaliados, con independencia de que se presentaran a un, dous ou aos tres postos para os que se convocaron as prazas, **realizaron unha única proba práctica**, por parte do tribunal e do seu persoal de apoio, obtendo unha puntuación, nesa proba práctica para a/s categoría/s a/s que se presentaran. A puntuación acadada nesta proba para o posto de peón e para o posto de xefe de brigada foi a mesma, segundo a apreciación do Tribunal.

Consecuentemente, **esta segunda alegación** carece de fundamento polas razóns expostas, polo que **deberá ser desestimada plenamente**.

2. Alegacións de Cristian Vaamonde Carballo

Única:

O aspirante amosa a súa disconformidade respecto da realización da proba física, en canto que a distancia resultou inferior á prevista e que houbo aspirantes que trotaron durante o desenvolvemento da proba. Solicita se lle acredite de “*forma documental e fidedigna que durante a realización das probas houbo transparencia na súa avaliación e non houbo trato de favor hacia algunhas das persoas aspirantes*” e “*Se consideren nulos os resultados e se repitan con total obxectividade, transparencia e seguindo de xeito estricto as bases publicadas na convocatoria*”.

O tribunal considera que a transparencia no desenvolvemento da proba física foi absoluta, por canto foi pública en presenza do tribunal, dos aspirantes e público libremente asistente nunha grada dunha instalación deportiva aberta ao público.

Certamente foi a primeira vez que a entidade convocante realizou unha proba destas características, para a que non se puido contar coa asistencia técnica prevista; polo que a proba foi supervisada e controlada directamente por membros do tribunal e seu persoal de asistencia; todos eles funcionarios públicos da Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín e da Deputación Provincial de Ourense.

Consecuentemente, o tribunal considera plenamente acreditada a transparencia e obxectividade na súa actuación e rexeita de plano a existencia de trato de favor algún. Polo que baixo os principios de obxectividade e profesionalidade da súa actuación, ponderado o interese público concorrente, ratifícase plenamente nos resultados e



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

validez da proba realizada.

Por tanto, e polas motivacións expostas **esta alegación deberá ser desestimada plenamente.**

3. Alegación de Diego Dosantos Dos Prazeres

Única:

Alega este aspirante para o posto de **XEFE DE BRIGADA** **disconformidad con la valoración da experiencia profesional**, xa que afirma que SEAGA é unha **empresa pública**, polo que os servizos prestados deberían ser valorados a razón de 0,40 puntos/mes en lugar de 0,15 puntos/mes.

A cuestión plantexada contéplase na base CUARTA.1 a) Experiencia profesional “*Por servizos remunerados prestados na **administración pública** na mesma categoría ou similar á do posto ao que se opta: 0,40 puntos por mes completo*” (...)

A resposta á controversia é que a Empresa Pública de Servizos Agrarios Galegos, S.A. (SEAGA) non é unha administración pública en sí mesma, senon unha sociedade mercantil pública. Aínda que actúa como un medio propio e servizo técnico da Administración Xeral de Galicia, non forma parte da estrutura administrativa directa.

Así, o tribunal a cantos aspirantes (incluído o alegante) acreditaron documentalmente a prestación de servizos a dita mercantil, foron puntuados no apartado de experiencia profesional, a razón de 0,15 puntos por mes completo de servizos.

En tal sentido, **esta alegación** non resulta fundada, polo que **deberá ser desestimada plenamente.**

Consonte con todo o anterior, trala análise pormenorizada das alegacións que se presentaron e dos argumentos e das fundamentacións sobre as que se sustentan; revisada unha vez máis detidamente a documentación aportada polos alegantes xunto coas súas instancias para participar neste procedemento selectivo, así como a actuación e acordos do Tribunal; e con base nos razonamentos anteriormente sinalados para cada un dos aspirantes que presentaron alegacións; o **Tribunal:**

PRIMEIRO: Desestima íntegramente as alegacións presentadas por Iris Leticia Oltra Cascant, Cristian Vaamonde Carballo e Diego Dosantos Dos Prazeres.

SEGUNDO: Ratifica íntegramente a valoración de méritos, tanto no apartado de “Experiencia profesional” como no apartado de “Formación” dos aspirantes Iris Leticia Oltra Cascant e Diego Dosantos Dos Prazeres.

Todo elo reflexado no seguinte cadro:



Mancomunidad de Municipios da Comarca de Verín

Nome e apelidos	Exp. profesional	Formación	Total, Méritos
Iris Leticia Oltra Cascant	0,00	0,00	0,00
Diego Dosantos Dos Prazeres	3,05	0,00	3,05

TERCEIRO: Ratifica íntegramente a valoración da proba práctica, tanto para o posto de PEÓN como par o posto de XEFE DE BRIGADA da aspirante Iris Leticia Oltra Cascant; de acordo co seguinte cadro:

Nome e apelidos	Proba Práctica posto de PEÓN	Proba Práctica posto de XEFE DE BRIGADA
Iris Leticia Oltra Cascant	5,00	5,00

CUARTO: Ratifica a plena validez da proba física realizada e os seus resultados, declarando e facendo constar a súa total obxectividade e transparencia.

O tribunal remata a súa actuación na hora da derradeira sinatura electrónica deste documento.

A presidenta

O secretario

Isabel Rodríguez Carrera

Santiago Lorenzo Taboada

O Vogal

O Vogal

José Fírvida Rodríguez

José Ángel Basalo Coutado